

**PROGRAMA PILOTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL INVESTIGADOR  
DISTINGUIDO - CONVOCATORIA 2021**

**CRITERIOS APROBADOS POLA COMISIÓN ESPECIALIZADA DE  
CIENCIAS (campus vida), o día 20 de xullo de 2021**

**PRIMEIRA FASE (Máximo 60 puntos)**

- Achegas científicas

a.1.1. [puntuación 0-30 puntos] As publicacións en revistas internacionais recollidas en JCR tendo en conta os indicios de calidade en base a criterios obxectivos, como número de citas da publicación, factor de impacto da revista, etc. Valoraranse neste apartado, tamén, as aportacións que teñan sido obxecto de transferencia, entendendo por elo a relacionada co traslado de resultados propios da investigación. A puntuación de cada unha das aportacións estará modulada pola contribución do candidato á mesma, que poderá valorarse a través da posición ocupada polo candidato – dando especial relevancia e puntuación a aquelas nas que o candidato ocupe posicións de primeiro autor, autor *senior*, autor responsable de correspondencia – ao número de autores, ou a calquera outro criterio que sexa de aplicación na área de investigación que corresponda. Valorarase especialmente a proxección investigadora e liderado en relación ao tempo transcorrido dende a defensa da tese de doutoramento.

a.1.2 Capítulos de libros [puntuación 0-2 puntos] Valorarase a edición de libros completos ou a participación en libros académicos de tipo multiautor, sempre en editoriais internacionais de prestixio recoñecido.

a.1.3 Participación en congresos e outros méritos [puntuación 0-3 puntos] Valoraranse especialmente as ponencias unipersoais por invitación. Así mesmo, teranse en conta as presentación do candidato de comunicacións libres

(oral/póster) así como en outros foros académicos (hasta 1 punto). Pódense incluír o resto das contribucións non consideradas nos apartados anteriores.

- Participación en programas, proxectos ou contratos de I+D+i.
  - a.2.1 Proxectos [puntuación 0-13 puntos] Teranse en conta a participación do candidato en proxectos de investigación, tendo en conta a súa natureza nacional ou internacional. Valorarase especialmente aqueles nos que o candidato teña actuado como Investigador Principal e que fosen obtidos en convocatorias competitivas. Inclúense contratos ao amparo do artigo 83 da LOU, e en especial aqueles que supoñan transferencia de coñecemento. Valorarase especialmente a proxección investigadora e liderado en relación ao tempo transcorrido dende a defensa da tese de doutoramento.
  - a.2.2 Experiencia postdoutoral e predoutoral e outros méritos [puntuación 0-7 puntos] Obtención de bolsas e contratos, especialmente levado a cabo en países distintos ao de realización da tese de doutoramento. Terase en conta o prestixio do grupo ou institución nas que se levasen a cabo. Pódense incluír o resto das contribucións non consideradas nos apartados anteriores (ata 2 puntos).
- Resto de méritos curriculares.
- Resto de méritos curriculares [0-5 puntos] Valorarase neste apartado calquera mérito non incluído nos apartados anteriores, como dirección de tesis de doutoramento, TFG, TFM, así como divulgación científica e outros.

**Pasarán á segunda fase, como máximo, as tres persoas con mellor puntuación.**

## **SEGUNDA FASE (máximo 40 puntos)**

-Proxecto de investigación relacionado coa liña para a que se presenta a persoa candidata.

Valorarase o proxecto de investigación relacionado coa liña para a que se presenta a persoa candidata en base aos seguintes criterios:

- Claridade e adecuación do proxecto investigador [0-20 puntos] incluíndo a viabilidade dos proxectos de investigación presentados, a súa capacidade para captar fondos así como a coherencia, impacto potencial e resultados previsibles en relación coa liña de investigación. Do mesmo xeito valorarase positivamente a capacidade de establecer colaboracións con outros grupos, a autonomía da liña de investigación e a súa orixinalidade, así como a súa relación coas liñas do Grupo de Referencia Competitiva correspondente.
- Claridade expositiva do proxecto investigador [0-10 puntos]
- Capacidade de resposta ás cuestións formuladas no debate [0-10 puntos]

**A cualificación final do proceso será a suma das puntuacións correspondentes ás dúas fases do concurso**

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)